

GAÑADOR PRIMARIA

TEO DOMÍNGUEZ BARREIRO

3º curso CEIP Álvarez Limeses (Pontevedra)

A LONGA ESPERA

Era de noite. En toda a casa estaban durmindo. Levaba case 9 horas sen que xogaran comigo.

Ás 8:00 oíanse ruídos de alarmas, portas, os vasos, a ducha, as rodas das mochilas, o microondas , un neno berrando: “olvideime de facer os deberes” e choros. O último ruído foi o da porta da entrada e despois un longo... longuísimos silencio. Esquecéronse de min...

Pasaron 5 horas e media e volveron os nenos, os pais e tamén o barullo. Ás 15:00 por fin puiden tocar o chan. Comezou o nivel. Un nivel moi difícil e longo, que xa o intentaran, se a memoria non me engana, 20 veces ou máis. Despois de saltar, pegar, voar , esbarrar e rebotar nas paredes apareceu un inimigo: unha ra peluda vermella que cuspiá lume. Deume co lume en toda a cara. Pareceulle pouco e meteume unha patada en toda a barriga. Reiniciouse o nivel e oíronse berros. Era Xoán, maldicía a rá porque estaba a piques de acabar o nivel.

Empezou de novo e esta vez gañouno. Oíronse outra vez berros, pero esta vez de ledicia e, como xa pasara unha hora, apagou a consola e eu quedei sentado outra vez nun recuncho da escura pantalla.

E a agardar..., de novo.